



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

DECRETO Nº 423/2011

DECRETO DE CONVOCATORIA DE SESIÓN

ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA

De conformidade coas atribucións conferidas no artigo 41.4 do RD 2568/1986, esta Alcaldía procede a **convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**. A sesión celebrarase o **6 de xuño de 2011, ás trece horas trinta minutos (13:30)**, na sala de Xuntas do Concello, en primeira convocatoria. No caso de non lograrse o quórum necesario, a sesión quedará convocada para as 14:30 horas do mesmo día. A **ORDE DO DÍA** é a que segue:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE MAIO DE 2011.

2º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA A SOLICITUDE DE INFORMACIÓN/CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA INTERESADA POR D. ERNESTO GARCÍA FERNÁNDEZ.

3º.- SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA DE OBRA MENOR INTERESADA POR D. FERNANDO PORTO MATO (EXP. 80/11).

4º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA A SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA DE OBRA MENOR INTERESADA POR D. JOSÉ M. LÓPEZ LAMEGO (D. JOSÉ DIÉGUEZ SÁNCHEZ) (EXP. 123/11).

5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA A SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA DE OBRA MENOR INTERESADA POR DNA. DOLORES VÁZQUEZ CALVO (EXP. 122/11).

6º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA A SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA DE OBRA MAIOR INTERESADA POR DNA. JOSEFINA RUZO CARRACEDO (EXP. 115/11).

7º.-PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA AO INFORME QUE ESIXE O ART.41.2.C) DA LEI 9/ 2.002, DO 30 DE DECEMBRO SOBRE SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA DE OBRA MAIOR PARA A CONSTRUCCIÓN DE NAVE-PARQUE DE MAQUINARIA DE APOIO ÁS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS NUN INMOBLE SITO EN MATALOBOS – TOEDO, INTERESADA POR D. JOSÉ LUIS SIERRA IGLESIAS (EXP. 1/11).

8º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA A INFORME DE ACTIVIDADE SOMETIDA A AVALUACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL (ART. 9.1 DO DECRETO 133/2.008, DO 12 DE XUÑO), INTERESADA POR D. ELOY TEJO MARQUE (EXP. 204/10).

9º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA AO OUTORGAMENTO DE LICENZA DE OBRA EN EDIFICACIÓN PREEXISTENTE NON LICENCIADA, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA III DA LEI 2/2010, DO 25 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA (DOG 61/2010, DO 31 DE MARZO), INTERESADA POR DNA. JOSEFINA NODAR RODRÍGUEZ (EXP. 133/11).



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

10º- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA A INFORME ART. 41.2.C) DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA: SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA DE OBRA MAIOR PARA A CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO DE EMERXENCIAS 112 DE GALICIA NA AVDA. DA CULTURA, S/N – A ESTRADA, INTERESADA POLA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA – SUBDIRECCIÓN XERAL DE CONTRATACIÓN (EXP. 36/11).

11º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA RELATIVA Á RECEPCIÓN DA OBRA URBANIZADORA CONTEMPLADA NO PROXECTO DE URBANIZACIÓN REFUNDIDO PROMOVIDO POLA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE TOEDO II.

12º.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA CONSTITUÍDA EN CONCEPTO DE GARANTÍA PARA RESPONDER DOS POSIBLES DANOS QUE PUIDERAN OCASIONAR NOS CAMIÑOS PÚBLICOS POLA EXECUCIÓN DA OBRA “PLATAFORMA CORREDOR NOROESTE DE ALTA VELOCIDAD. EJE: ORENSE-SANTIAGO. TRAMO: LALÍN-SANTIAGO. SUBTRAMOS: SILLEDA (DORNELAS) – VEDRA Y VEDRA-BOQUEIXÓN”, INTERESADA POR D. PEDRO CHICO LÓPEZ, EN REPRESENTACIÓN DA UTE “AVE ULLA”.

13º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CERTIFICACIÓN Nº 4 E LIQUIDACIÓN DA OBRA “CONSERVACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS DO CONCELLO DA ESTRADA, PATRIMONIO HISTÓRICO PAISAXÍSTICO” (OBRA FEESL).

14º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA EN RELACIÓN ÁS SOLICITUDES DE RECOÑECIMENTO E ADAPTACIÓN DE RETRIBUCIÓNS AO REGULADO NO ARTIGO 7º DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE PASE DE DETERMINADOS FUNCIONARIOS A SEGUNDA ACTIVIDADES, INTERESADA POR D. MANUEL FERREIRO CABALEIRO, D. JOSÉ BAL MÍGUEZ E D. FRANCISCO BARCALA CALVO.

15º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA RELATIVA AO OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL “ENTROIDO DE SANTELES VAL DO ULLA”.

16º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA RELATIVA AO NOMEAMENDO DO XURADO DO XXII PREMIO DE NOVELA M. GARCÍA BARROS “KEN KEIRADES”.

17º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA Á SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, INTERESADA POR D. BENIGNO CANICOBA ALBELA.

18º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA Á SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, INTERESADA POR DNA. Mª ARACELI ÁNGELES VERDURA PENA.

19º.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO REMITIDO POLA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E TURISMO Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RELACIÓN AO INICIO DE TRÁMITES PARA ACORDAR O CAMBIO DE TITULARIDADE DA EP 7018 – TRAMO ANTIGO PAZO DE OCA A FAVOR DO CONCELLO DA ESTRADA.

A Estrada, 3 de xuño de 2011

O ALCALDE,

Visto
A SECRETARIA,